

## **SOLUCIÓNS DAS ACTIVIDADES DE NATURAIS DO XOVES 7 DE MAIO**

Primeiro lede as páxinas 108 e 109 do voso libro e despois contestade as preguntas.

### **1. Explica a diferenza entre un material condutor e un material illante**

Os materiais condutores permiten o paso da corrente eléctrica e os materiais illantes non permiten que flúa a carga a través deles.

### **2. Escribe tres materiais condutores e tres illantes.**

- Condutores: cobre, ferro ou aluminio, algúns materiais non metálicos como o grafito, e algunhas disolucións acuosas, como a auga salgada.

- Illantes: A madeira, moitos plásticos, a auga pura, a goma , etc.

### **3. É correcto dicir que un obxecto electricamente neutro non ten cargas eléctricas no seu interior? Por que?**

Non é correcto. Porque un obxecto electricamente neutro ten a mesma cantidade de cargas positivas que negativas no seu interior.

### **4. O lóstrego é unha descarga eléctrica. Que credes que ocorre na carga eléctrica das nubes e do solo para que se produza un lóstrego?**

Existe unha diferenza de carga, con cargas negativas nas nubes e positivas no chan, ata que se produce unha corrente eléctrica entre o chan e as nubes, que é o lóstrego ou o raio.

### **5. Imaxina e escribe catro utilidades que poida ter o electroimán.**

- Uso en aparatos domésticos: nos timbres eléctricos, un electroimán acciona o elemento que vibra e produce o son.

- Usos no transporte: existen trens que viaxan levitando sobre un raíl debido á forza de repulsión que producen uns electroimáns.

- Usos na industria: os electroimáns instálanse en guindastres que teñen que elevar e trasladar residuos metálicos. Tamén se utilizan para separar materiais metálicos do resto do lixo en vertedoiros e centros de reciclaxe.

- Usos científicos e médicos: os microscopios electrónicos ou os escáneres de resonancia magnética utilizan electroimáns.